

BASES DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN: XOGARZÚA 2023

O Programa de Conciliación XOGARZÚA 2023 supón unha alternativa de lecer para as crianzas nadas entre 2011 e 2019 cunha dobre finalidade: permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias e ofertar un espazo lúdico e de aprendizaxe para as crianzas.

Os obxectivos do programa son:

- Favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias.
- Fomentar valores positivos e educativos para un desenvolvemento adecuado socialmente
- Ampliar o círculo social das crianzas descubriendo novas actividades
- Reflexionar sobre as desigualdades de xénero dunha forma lúdica
- Aprender de maneira lúdica e participativa sobre as cuestións sociais e as principais problemáticas actuais
- Fomentar un pensamento crítico e resolutivo fronte a conflitos e problemáticas
- Promover un correcto desenvolvemento motriz, creativo, participativo, emocional e persoal

A realización do Programa de Conciliación XOGARZÚA 2023 queda condicionada á aprobación da modificación contractual necesaria para cubrir a totalidade das horas que se ofertan, así como á aprobación definitiva da modificación orzamentaria necesaria para cubrir o gasto que se deriva de dita modificación.

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes no “PROGRAMA DE CONCILIACIÓN: XOGARZÚA 2023”.

2. PERSOAS DESTINATARIAS:

A poboación destinataria do “PROGRAMA DE CONCILIACIÓN: XOGARZÚA 2023” son as crianzas nadas entre 2019 (escolarizadas) e 2011 (que cursen ou acaben de cursar educación primaria), ambos inclusive.

3. LUGAR, PERÍODO DE REALIZACIÓN E HORARIO:

O “PROGRAMA DE CONCILIACIÓN: XOGARZÚA 2023” desenvolverase no Multiusos Terra do Queixo.

O programa ordinario será desde o 3 de xullo ao 1 de setembro (9 semanas), e distribuírse en catro quendas.

- A. Primeira quenda: do 3 de xullo ao 14 de xullo, (dúas semanas).
- B. Segunda quenda: do 18 ao 28 de xullo, ambos inclusive (2 semanas)
- C. Terceira quenda: do 31 de xullo ao 11 de agosto, ambos inclusive (2 semanas)
- D. Cuarta quenda: do 14 de agosto ao 1 de setembro. (3 semanas)

Os días festivos non haberá programa e haberá que ter un grupo mínimo de 15 crianzas en cada quenda para que o grupo se realice.

O horario ordinario do programa será de mañá, de 09:00 a 14:00 horas.

Dilixencia: A paso eu, Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria do Concello de Arzúa, fago contar que estas bases foron aprobadas por Decreto N°318 con data 12 de maio de 2023. A Secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez

Aquelas familias que non se poidan adaptar a este horario deben cubrir na solicitude (ANEXO I) o apartado “horario solicitado”, explicando o seu caso particular, e será chamado polo persoal técnico para analizar a súa situación.

Calquera cambio na hora de entrada ou saída deberá ser solicitado e autorizado polo CIM.

4. PRAZAS OFERTADAS:

O número de prazas ofertadas para cada unha das quendas é o seguinte:

- A. Primeira quenda: 75 prazas.
- B. Segunda quenda: 75 prazas.
- C. Terceira quenda: 60 prazas.
- D. Cuarta quenda: 45 prazas.

O Concello reserva unha praza en cada quenda para crianzas con discapacidade. No caso de non seren cubertas, ampliarán o número de prazas xerais.

É imprescindible que a discapacidade permita integrarse no grupo de traballo de XOGARZÚA.

5. CUSTO:

O prezo de cada semana é de 10 euros máis IVE, polo que o custo da primeira, segunda e terceira quenda, que duran dúas semanas cadansúa, será de 20 euros máis IVE cada quenda. A cuarta quenda terá un custo de 30 euros máis IVE, ao ser tres semanas. En calquera outro caso seguirase o establecido na Ordenanza fiscal municipal.

- a) Os servizos sociais poderán informar para a exención de cotas para catro crianzas. Para que lle sexa aplicable esta exención haberá que presentar informe da educadora familiar ou das traballadoras sociais, no seu defecto.
- b) As familias numerosas terán unha bonificación do 50% da cota. Para que lle sexa aplicable esta bonificación haberá que presentar a documentación acreditativa de ditas situacións.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN:

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas nos grupos estes serán os criterios de adscrición de praza.

- 1. O criterio técnico das profesionais do CIM, en situacións especiais.
- 2. Que crianza estea empadroada en Arzúa e súa familia se atope nalgún dos seguintes supostos: familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.
- 3. Que crianza estea empadroada en Arzúa, e ambos proxenitores ou a familia monoparental traballen no período no que se inscribe.
- 4. O resto de solicitudes.

Dentro de cada grupo que corresponda a un criterio determinado realizarase o listado en función do nivel de **ingresos anuais per cápita da unidade familiar**, ordeado de menor a maior.

Dilixencia: A paso eu, Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria do Concello de Arzúa, fago contar que estas bases foron aprobadas por Decreto N°318 con data 12 de maio de 2023. A Secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez

7. CONSIDERACIÓN DE UNIDADE FAMILIAR

Considéranse membros da unidade familiar os que figuren empadroados no mesmo domicilio que os e as crianzas e garden con el/a as seguintes relacións de parentesco:

- Pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do ou da menor.
- Irmáns ou irmás da crianza maiores de idade.
- No caso de separación, divorcio ou situación análoga, terá a consideración de membro computable da unidade familiar unicamente o proxenitor que figure empadroado no mesmo domicilio. Será este polo tanto o que deba realizar a solicitude.
- Terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai sempre que figure empadroado no mesmo domicilio.
- Terán consideración de irmáns ou irmás do alumno ou alumna aqueles aportados á unidade familiar polo outro membro da parella, sempre que figuren empadroados no domicilio.
- Considérase o domicilio familiar das crianzas beneficiarias aquel que figure no padrón de habitantes.

Para calcular os ingresos totais teranse en conta todos os ingresos dos membros da unidade familiar. Para a comprobación da renda terase en conta o último exercicio fiscal dispoñible. A renda anual da unidade familiar será a suma da base imponible xeral + base imponible de aforro que consten na/s correspondente/s declaración/s do IRPF do último exercicio.

Nos casos nos que non exista obriga de presentar a declaración do IRPF, tomaranse os datos reflectidos no certificado de renda emitido pola AEAT, sendo a renda anual da unidade familiar a suma dos rendementos íntegros do traballo + rendementos de capital inmobiliario + ganancias patrimoniais sometidas a retención – gastos deducibles de rendementos de traballo.

Para as familias monoparentais computarase por 1,5 a persoa proxenitora e para as familias con fillos/as con discapacidade superior ao 33% estes computaranse por 1,5.

Non terá condición de membro computable o agresor nos casos de violencia de xénero.

8. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola/s persoa/s interesada/s (pai, nai e/ou titor/a legal) segundo o modelo específico para iso (ANEXO I). A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Documentación a presentar:

- a. Formulario de solicitude (Anexo I).
- b. Fotocopia do DNI/NIE da/s persoa/s solicitante/s (nai e/ou pai).
- c. Fotocopia do libro de familia.
- d. Autorización para a administración local poida comprobar os datos no padrón municipal (Anexo I) ou volante de empadramento conxunto da persoa residente no Concello de Arzúa.
- e. Autorización para que a administración local poida acceder aos datos fiscais (Anexo II) ou xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar do último ano fiscal dispoñible (declaración da renda de todos os membros se non é conxunta ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria).
- f. Informe da empresa ou empregador/a conforme ambos proxenitores, ou a persoa que ostenta a custodia traballa no período solicitado para o XOGARZÚA (Anexo III). No caso de autónomos ou xente da agraria, declaración responsable nos mesmos termos (Anexo IV) e o último recibo trimestral que acredite a dita situación.

Dilixencia: A paso eu, Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria do Concello de Arzúa, fago contar que estas bases foron aprobadas por Decreto N°318 con data 12 de maio de 2023. A Secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez

- g. Certificado ou documento acreditativo de estar escolarizado/a.
- h. No caso de familia monoparental, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.
- i. No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa.
- j. No caso de unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredita dita situación.
- k. No caso de vítima de violencia de xénero informe do Centro de Información ás Mulleres.
- l. No caso de mulleres en situación de desemprego de longa duración, certificado do Servizo Público de Emprego.
- m. No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
- n. No caso de solicitar a exención da cota por participar en programas de educación familiar, é necesario o informe da educadora social ou da traballadora social do Concello de Arzúa.
- o. No caso de optar ás prazas reservadas para crianzas con discapacidade, a fotocopia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.

As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Arzúa, ou entregaranse no Rexistro municipal (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Calquera dúbida poden consultar ao Centro de Información ás Mulleres no teléfono 981 501 101 ou ben no correo cim@concellodearzua.com

9. CALENDARIO:

- A. Inscripcións: Do 12 ao 22 de maio, preferiblemente en Sede electrónica do Concello
- B. Publicación da lista por orde de criterios e de emendas de solicitudes: 24 de maio.
- C. Prazo de emenda de solicitudes: ata o 7 de xuño.
- D. Publicación da lista de persoas admitidas: 13 de xuño.
- E. Pagamento de taxas: Do 14 ata o 21 de xuño.
- F. Reunión informativa: o 26 de xuño, pola tarde.

10. PUBLICACIÓN:

As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web e no taboleiro da Sede electrónica do Concello, a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición.

11. PAGAMENTO

As cotas pagaranse unha vez aparecido o número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición da persoa solicitante, na lista de persoas admitidas, na que xa figurará a cantidade a ingresar. Sempre con anterioridade ao inicio da actividade e co sistema de autoliquidación, que enviarase ao correo electrónico indicado na solicitude, e de non sinalalo, poderán recollelas, no rexistro do Concello.

No caso de que alguén non pague en prazo, e a praza quede baleira, pasará a ocupar a praza a seguinte persoa que estea na lista e cumpra os requisitos e prioridades.

Na reunión informativa deberase aportar o xustificante de pago.

Dilixencia: A paso eu, Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria do Concello de Arzúa, fago contar que estas bases foron aprobadas por Decreto N°318 con data 12 de maio de 2023. A Secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez

12. RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente non puidese asistir á actividade por causa medica, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito cun informe médico e solicite a devolución da cantidade aboada, antes do inicio da actividade.

13. REUNIÓN INFORMATIVA

Antes do inicio da XOGARZÚA haberá unha reunión informativa para as familias coa empresa encargada do desenvolvemento do campamento e o persoal do CIM.

Será o 26 de xuño ás 16:30 no edificio “Terra do Queixo”. Poderá asistir por cada familia unha persoa, non tendo que ser a persoa solicitante.

Con posterioridade a reunión se ofertará ás familias o obradoiro “Como educar en positivo”.

14. NORMAS:

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

A. Dereitos das persoas usuarias:

- Bo trato por parte do persoal do servizo e das outras persoas usuarias do servizo
- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- Favorecer a súa participación no servizo.

B. Obrigas das persoas usuarias:

- Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- Entregar a documentación requirida.
- Para a recollida das/os crianzas sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas na solicitude.
- Respetar as normas establecidas pola monitoraxe de cada aula, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- Non transferir a praza asignada.
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias.

C. Causas de extinción do servizo e baixa no mesmo:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- Incumprimento reiterado das normas de convivencia establecidas.
- Por solicitude da/o nai/pai ou representantes legais.
- A comprobación de falsidade na documentación achegada.
- A falta de asistencia durante 5 días sen causa xustificada e sen previo aviso.
- O incumprimento reiterado do horario.

Dilixencia: A paso eu, Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria do Concello de Arzúa, fago contar que estas bases foron aprobadas por Decreto N°318 con data 12 de maio de 2023. A Secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez

15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:

O presente artigo ten como obxectivo dar cumprimento ao establecido na normativa de protección de datos en canto á información que debe facilitarse ás persoas interesadas. En virtude diso infórmase:

(a) Ten a condición de responsable do tratamento o Concello de Arzúa
(b) A finalidade para o tratamento de datos persoais en relación co procedemento de selección de participante do Programa de Conciliación XOGARZÚA 2023 tendo como bases de lexitimación xeral as seguintes:

- I. Estarán lexitimados polo interese público os tratamentos de datos realizados para a xestión do procedemento de selección como a xestión de solicitudes e os actos de instrución.
- II. Terán como base de lexitimación o cumprimento dunha obrigação legal os seguintes tratamentos en relación coas normas que se citan a continuación:

- (a) As publicacións realizadas con efectos de notificación de acordo coas normas do procedemento.
- (b) As publicacións realizadas en páxina web do Concello e o taboleiro de anuncios esixibles pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- (c) O responsable do tratamento poderá obter aqueles documentos para achegar no procedemento que se achen en poder doutras administracións públicas, salvo que vostede opoñase na solicitude.
- (d) Así mesmo, aquela información persoal declarada pola persoa interesada e que obre en poder das Administracións Públicas, o responsable poderá efectuar no exercicio das súas competencias as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos datos.
- (e) Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometido a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais a mediante escrito dirixido a Concello de Arzúa con sede na rúa de Santiago, 2, 15810 – Arzúa. A persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: Ramón Santos Pérez (ramon@nossoluciones.es) .Así mesmo, no caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

Información adicional: <https://arzua.gal/politica-privacidade>

Dilixencia: A paso eu, Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria do Concello de Arzúa, fago contar que estas bases foron aprobadas por Decreto N°318 con data 12 de maio de 2023. A Secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez

INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Lea con atención as seguintes instrucións:

1. En caso de familias biparentais, deben cubrir e asinar ambos a solicitude. No caso de familias monoparentais, bastan os datos e a sinatura da nai, pai ou titor/a legal da crianza.
2. Coa solicitude achegaranse os datos das persoas que estean autorizadas pola nai, pai e/ou titor/a legal para recoller a crianza. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a crianza a/s persoa/s solicitante/s.
3. Para acreditar o empadramento, bastará con autorizar ao Concello de Arzúa para comprobalo no Padrón Municipal, riscando a cela adecuada. No caso contrario, deberá achegarse un volante de empadramento conxunto da unidade familiar para acreditar o empadramento en Arzúa.
4. O horario ordinario do programa XOGARZÚA será de mañá, de 09:00 a 14:00 horas. Aquelas familias que non se poidan adaptar a este horario deben cubrir na solicitude (ANEXO I) o apartado “horario solicitado”, explicando o seu caso particular, e será chamado polo persoal técnico para analizar a súa situación.
5. Para que a administración local poida acceder aos datos fiscais debe presentares o Anexo II, coa autorización das persoas que integran a unidade familiar da crianza. No caso contrario, deberá achegarse xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar do último ano fiscal dispoñible (declaración da renda de todos os membros se non é conxunta ou certificado de datos fiscais emitido pola Axencia Tributaria).
6. Para acreditar o traballo dos proxenitores haberá que presentar o Anexo III, onde a empresa sinala que a nai, pai ou titor/a legal da crianza vai traballar no período concreto para o que solicita o programa, e non estará en período de vacacións, ou sometido a un ERTE ou ERE. No caso de autónomos ou xente da agraria, deberán aportar unha declaración responsable nos mesmos termos, seguindo o anexo IV, e o último recibo trimestral que acredite dita situación.
7. Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á crianza (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o monitorado. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.
8. Calquera circunstancia persoal ou familiar das que se ten en conta nos criterios de selección debe acreditarse coa achega da documentación específica solicitada nas bases para cada unha delas.
9. As listaxes de persoas preadmitidas e aquelas outras que teñan que emendar a solicitude publicaranse na páxina web e no taboleiro da Sede electrónica do Concello, a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición, polo que é moi importante que guarden o xustificante de presentación da solicitude onde aparece dito número.
10. As cotas pagaranse unha vez aparecido o número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición da persoa solicitante, na lista de persoas admitidas, na que xa figurará a cantidade a ingresar. Sempre con anterioridade ao inicio da actividade e co sistema de autoliquidación, que enviarase ao correo electrónico indicado na solicitude, e de non sinalalo, poderán recollelas, no rexistro do Concello.

As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Arzúa, ou entregaranse no Rexistro Xeral do Concello (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. A prazo de presentación de solicitudes é do 12 ao 22 de maio.

Calquera dúbida poden consultar ao Centro de Información ás Mulleres no teléfono 981 501 101 ou ben no correo electrónico cim@concellodearzua.com

ANEXO I - SOLICITUDE

NOME DA CRIANZA

MENOR DE IDADE	MENOR DE IDADE
NOME E APELIDOS:	
CURSO QUE REMATOU:	
QUENDA/S ESCOLLIDA/S:	☐ 1ª quenda (3 a 14 xullo) ☐ 2ª quenda (18 a 28 xullo) ☐ 3ª quenda (31 xullo a 11 agosto) ☐ 4ª quenda (14 de agosto ao 1 de setembro)
Alerxias/enfermidades	☐ Achego informe médico
Discapacidade	☐ Achego certificado discapacidade
Bonificación familia numerosa	☐ Achego fotocopia en vigor do título de familia numerosa
Exención de cotas	☐ Achego informe da educadora familiar ou das traballadoras sociais, no seu defecto.
Empadramento en Arzúa	☐ SI ☐ NON

NOME DAS PERSOAS SOLICITANTES

SOLICITANTE	
NAI/PAI/TITOR/A LEGAL 1: NOME E APELIDOS	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo no padrón municipal no Concello de Arzúa	☐ SI ☐ NON
Traballo no horario e período solicitado	☐ SI ☐ NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa) fotografías da miñas filla/o no XOGARZÚA, coa finalidade da divulgación do evento	☐ SI ☐ NON
	Sinatura da nai:
SOLICITANTE	
NAI/PAI/TITOR/A LEGAL 2: NOME E APELIDOS	
DNI/ NIE:	
Correo electrónico:	
Teléfono:	
Autorizo para comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo no padrón municipal no Concello de Arzúa	☐ SI ☐ NON
Traballo no horario e período solicitado	☐ SI ☐ NON
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa) fotografías da miñas filla/o no XOGARZÚA, coa finalidade da divulgación do evento	☐ SI ☐ NON
	Sinatura do pai:

HORARIO SOLICITADO:

Entrada		Saída	
☐ 9:00	☐ 9:30	☐ 13:30	☐ 14:00

No caso de que precise un horario diferente ao ordinario especifíqueo no seguinte cadro para a súa valoración por parte do persoal técnico do CIM:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE

- ☐ DNI/NIE NAI/PAI TITOR LEGAL 1 ☐ DNI/NIE NAI/PAI TITOR LEGAL 2 (se é solicitante)
- ☐ Fotocopia do libro de familia
- ☐ ANEXO II: Autorización para que a administración local poida acceder aos datos fiscais ou xustificantes de ingresos dos membros da unidade familiar.
- ☐ ANEXO III (informe empresa acreditación de traballo da/s persoa/s solicitante/s)
- ☐ ANEXO IV (réxime de autónomo ou outros especiais) e o ☐ Ultimo recibo SEGURO AUTÓNOMOS
- ☐ Certificado ou documento acreditativo de estar escolarizado/a.

- ☐ No caso de familia monoparental, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia ou xustificante de ter presentado a solicitude e a documentación presentada.
- ☐ No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa.
- ☐ No caso de unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredita dita situación.
- ☐ No caso de vítima de violencia de xénero informe do Centro de Información ás Mulleres.
- ☐ No caso de mulleres en situación de desemprego de longa duración, certificado do Servizo Público de Emprego.
- ☐ No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegar o informe do médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.
- ☐ No caso de solicitar a exención da cota por participar en programas de educación familiar, é necesario o informe da educadora social ou da traballadora social do Concello de Arzúa.
- ☐ No caso de optar ás prazas reservadas para crianzas con discapacidade, a fotocopia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.

PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA (Diferentes ás persoas solicitantes)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE

Información básica sobre Protección de datos Responsable: Concello de Arzúa. Finalidade: Prestar os servizos solicitados. Lexitimación: Misión de interese público. Persoas destinatarias: Serviplus, S.L. e obrigação legal. Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a **ramon@nossoluciones.es**. Procedencia: A propia persoa interesada. Información adicional: [https:// arzua. gal/ politica- privacidad](https://arzua.gal/politica-privacidade)

ANEXO II - AUTORIZACIÓN DAS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE FAMILIAR DA/S PERSOA/S SOLICITANTE/S

A/s persoa/s abaixo asinantes autoriza/n ao CONCELLO DE ARZÚA a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da facenda autonómica os datos relativos ao nivel de renda.

PROCEDEMENTO – PROGRAMA DE CONCILIACIÓN XOGARZÚA 2023

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DOS INTERESADOS (cubrir cos datos de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade)

NIF	APELIDOS E NOME	SINTATURA

En, a.....de.....de.....

PROTECCIÓN DE DATOS – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ARZÚA, con dirección RÚA DE SANTIAGO Nº2, 15810 – ARZÚA (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

NOTA: A autorización concedida polo asinante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

NORMATIVA:

- Artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Artigo 2.4 da ORDE de 18 de novembro de 1999 pola que se regula o subministro de información tributaria ás Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 (actual 95.1) da Lei Xeral Tributaria.

ANEXO IV

Informe da empresa conforme a persoa solicitante traballa no período solicitado para o XOGARZÚA

NOTA: No caso de familias con ambos proxenitores traballando, cubrir o Anexo III ou IV, segundo o caso, para cada proxenitor.

D/D^a _____,
con DNI/NIE _____, actuando como representante da empresa / empregador/a
_____, con CIF _____,

Datos de contacto da empresa/empregador/a

INFORMA AOS EFECTOS DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN XOGARZÚA 2023

1. Que D/D^a _____,
con DNI/NIE _____, é traballador/a desa empresa / empregador/a
2. Que do ____ de _____ de 2023 ao ____ de _____ de 2023 non estará
en período de vacacións, ou sometido a un ERTE ou ERE.
3. Que o seu horario é: _____

En _____, a ____ de _____ de 2023.

(Firma e selo)

ANEXO IV

Declaración responsable de traballar no período solicitado para o XOGARZÚA

NOTA: No caso de familias con ambos proxenitores traballando, cubrir o Anexo III ou IV, segundo o caso, para cada proxenitor.

D/D^a _____,
con DNI/NIE _____,
como nai/pai/titor/a legal de _____,

DECLARA AOS EFECTOS DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN XOGARZÚA 2023

1. Que do ____ de _____ de 2023 ao ____ de _____ de 2023 atopareime no réxime especial de: _____ (autónomos / agraria / Mutualidade / outros).
2. Que o meu horario de traballo é: _____

En _____, a ____ de _____ de 2023.

(Firma)